

RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE XANEIRO DE 2021, POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES NAS XUNTAS DE CENTRO E NOS CONSELLOS DE DEPARTAMENTO E DE REPRESENTANTES DO ESTUDANTADO NO CLAUSTRO E NO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e mais o Regulamento electoral xeral (REX), aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 28/09/2016, esta Reitoría resolve convocar eleccións de representantes nas xuntas de centro e nos consellos de departamento e de representantes do estudantado no Claustro Universitario e no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, segundo as seguintes bases:

A) ELECCIÓN DE REPRESENTANTES

1. Renovación de representantes no Claustro Universitario do estudantado matriculado en titulacións oficiais en centros propios.
2. Elección de representantes en xuntas de centro correspondentes aos seguintes sectores:
 - Profesorado sen vinculación permanente á Universidade que imparta docencia maioritaria no centro e persoal investigador e en formación que colabore na docencia.
 - Estudantado matriculado no centro en estudos de grao e en mestrados oficiais.
 - Persoal de administración e servizos, incluído o persoal da UADI e da UXAI que preste servizos no centro.
3. Elección de representantes en consellos de departamento correspondentes aos seguintes sectores:
 - Profesorado a tempo parcial, persoal investigador en formación con carga docente e lectores/as integrados/as no departamento.
 - Estudantado matriculado en estudos de grao e en mestrados oficiais do ámbito de docencia do departamento.
 - Persoal de administración e servizos da UADI que lle preste servizos ao departamento.
4. Elección de representantes do estudantado no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento. De conformidade co artigo 12.2.a) do Regulamento interno da EIDUDC, convócanse eleccións entre o estudantado de doutoramento dependente da EIDUDC para a cobertura de dezanove postos do

Código Seguro De Verificación	Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	11/01/2021 11:43:28
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==		



Comité de Dirección, repartidos de forma equitativa entre os diferentes ámbitos científicos.

B) PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

1. Circunscricións electorais:

- a) Para elixir representantes do estudantado no Claustro Universitario:
- Estudantado de grao e mestrados oficiais: cada un dos centros relacionados no anexo I do Regulamento electoral xeral
 - Estudantado de doutoramento: circunscrición única (Escola Internacional de Doutoramento)
- b) Para elixir representantes en xuntas de centro:
- Cada un dos centros relacionados no anexo I do Regulamento electoral xeral
- c) Para elixir representantes en departamentos:
- Cada un dos departamentos relacionados no anexo I do Regulamento electoral xeral
- d) Para elixir estudantes no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento:
- Cada un dos ámbitos científicos (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura)

2. Son **elixibles** en cada sector e circunscrición electoral membros da comunidade universitaria que figuren no censo definitivo (artigos 2 e 5 do REX), presenten a candidatura e sexan proclamados definitivamente como candidatos ou candidatas pola Comisión Electoral Central da UDC, consonte o disposto nos artigos 15 e 16 do REX.

3. **As candidaturas presentaranse** mediante o formulario electrónico que estará accesible no taboleiro electrónico **desde o 28 de xaneiro de 2021 até as 14:00 h do día 4 de febreiro de 2021**.

O formulario da candidatura remitirase (asinado dixitalmente ou asinado e escaneado) por correo electrónico ao enderezo comision.electoral@udc.gal. Este formulario conterá polo menos os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Enderezo electrónico para os efectos de notificacións
- Número de documento oficial de identificación
- Sector electoral e circunscrición polos que presenta a súa candidatura

Código Seguro De Verificación	Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	11/01/2021 11:43:28
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==		



4. **As candidaturas serán individuais** para os efectos de presentación, proclamación, votación e escrutinio. En todo caso, **as candidaturas pódense agrupar** co único obxecto de realizar a campaña electoral de forma conxunta, para o que se achegará a denominación ou a sigla que represente a agrupación electoral que se incluírá na candidatura correspondente ao lado do nome da persoa candidata. En caso de que coincidan diversas denominacións ou siglas, daráselle preferencia á que se presentase primeiro.

C) VOTACIÓNS

1. O proceso de votación realizarase de forma electrónica, de acordo co disposto no artigo 19 do REX.

2. O sistema de autenticación que dará acceso ao sistema de votación será o Sistema de Federación de Identidade da UDC.

3. A plataforma de votación electrónica permanecerá aberta **entre as 10:00 e as 19:00 h do día 25 de febreiro de 2021.**

4. A Comisión Electoral Central ordenará as diferentes candidaturas (unha para cada circunscrición, sector e proceso electoral) de conformidade co disposto no artigo 18.2 do REX (segundo a Resolución do 30/01/2020 pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOG núm. 27 do 10/02/2020, **a letra que fixará o inicio da orde alfabética será o S**). Na plataforma electoral, de conformidade co que dispón o artigo 20.2 do REX, indicarase o número máximo de candidatos e candidatas polos que a electora ou elector poderá votar.

5. Durante toda esa xornada, a partir das 09:00 h, a Comisión Electoral Central constituirase en Mesa Electoral Electrónica, co fin de garantir o correcto desenvolvemento do proceso. A Secretaría Xeral disporá os medios e o persoal técnico precisos.

D) ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE ELECTAS/OS

1. Ás 19:00 h do día 25 de febreiro, a Mesa Electoral Electrónica procederá ao escrutinio de acordo co disposto no artigo 22 do REX para os procesos con votación electrónica.

2. Finalizado o escrutinio, a Mesa Electoral Electrónica elaborará as actas correspondentes e publicará o escrutinio.

3. A proclamación provisoria das candidaturas electas, de conformidade co disposto no artigo 23 do REX, realizarase o día 26 de febreiro de 2021. O acordo de proclamación provisoria de electos e electas poderá ser obxecto de recurso

Código Seguro De Verificación	Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	11/01/2021 11:43:28
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==		



administrativo ou contencioso-administrativo nos termos previstos no artigo 24 do REX.

4. Logo de que se resolvan os recursos ou unha vez que transcorra o prazo de dous días previsto no artigo 24 do REX para formular o recurso potestativo de reposición, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva dos candidatos e candidatas electas.

5. A Secretaría Xeral atenderá as dúbidas e incidencias que puideren xurdir, ben por correo electrónico (comision.electoral@udc.gal e evoto@udc.gal) ben telefonicamente (extensións 2370 e 1143).

Código Seguro De Verificación	Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	11/01/2021 11:43:28
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==		



E) CALENDARIO ELECTORAL

1. Convocatoria das eleccións por resolución reitoral: 12 de xaneiro de 2021 (martes)
2. Publicación do censo electoral provisorio: 15 de xaneiro de 2021 (venres)
3. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo electoral provisorio:
 - Prazos de presentación: do 18 de xaneiro (luns) ao 20 de xaneiro de 2021 (mércores), até as 14:00 h
 - Prazos de resolución: do 21 de xaneiro (xoves) ao 25 de xaneiro de 2021 (luns)
4. Data de publicación do censo definitivo: 26 de xaneiro de 2021 (martes)
5. Prazo de presentación de candidaturas: do 28 de xaneiro (xoves) ao 4 de febreiro de 2021 (xoves), até as 14:00 h
6. Proclamación provisorio de candidaturas: 8 de febreiro de 2021 (luns)
7. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidatos:
 - Prazos de presentación: do 9 de febreiro (martes) ao 10 de febreiro de 2021 (mércores), até as 14:00 h
 - Prazos de resolución: do 11 de febreiro (xoves) ao 12 de febreiro de 2021 (venres)
8. Proclamación definitiva de candidaturas: 17 de febreiro de 2021 (mércores)
9. Campaña electoral: do 18 de febreiro (xoves) ao 23 de febreiro de 2021 (martes)
10. Data da votación: 25 de febreiro de 2021 (xoves)
11. Proclamación provisorio de candidaturas electas: 26 de febreiro de 2021 (venres)
12. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidaturas electas:
 - Prazos de presentación: do 1 de marzo (luns) ao 2 de marzo de 2021 (martes), até as 14:00 h
 - Prazos de resolución: do 3 de marzo (mércores) ao 5 de marzo de 2021 (venres)

Código Seguro De Verificación	Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	11/01/2021 11:43:28
Observacións		Páxina	5/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==		



13. Proclamación definitiva de candidaturas electas: 10 de marzo de 2021 (mércores)

F) Ámbitos científicos e programas de doutoramento

Para elixir os/as representantes do estudiantado no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, os ámbitos científicos son os seguintes:

- a) Ámbito de Artes e Humanidades
- b) Ámbito de Ciencias
- c) Ámbito de Ciencias da Saúde
- d) Ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas
- e) Ámbito de Enxeñaría e Arquitectura

Os programas de doutoramento adscribíense aos anteriores ámbitos do seguinte xeito:

a) Ámbito de Artes e Humanidades:

- Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
- Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Lingüísticos
- Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Literarios
- Programa Oficial de Doutoramento en Lóxica e Filosofía da Ciencia
- Programa Oficial de Doutoramento en Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades

b) Ámbito de Ciencias:

- Programa Oficial de Doutoramento en Bioloxía Celular e Molecular
- Programa Oficial de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión
- Programa Oficial de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa
- Programa Oficial de Doutoramento en Física Aplicada
- Programa Oficial de Doutoramento en Investigación Agraria e Forestal
- Programa Oficial de Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural
- Programa Oficial de Doutoramento en Química Ambiental e Fundamental

c) Ámbito de Ciencias da Saúde:

- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias da Saúde
- Programa Oficial de Doutoramento en Saúde e Motricidade Humana
- Programa Oficial de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Programa Oficial de Doutoramento en Neurociencias

Código Seguro De Verificación	Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	11/01/2021 11:43:28
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==		



- Programa Oficial de Doutoramento en Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar (interuniversitario)

d) **Ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas**

- Programa Oficial de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias Sociais e do Comportamento
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
- Programa Oficial de Doutoramento en Dereito
- Programa Oficial de Doutoramento en Dereito Administrativo Iberoamericano
- Programa Oficial de Doutoramento en Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde
- Programa Oficial de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación

e) **Ámbito de Enxeñaría e Arquitectura**

- Programa Oficial de Doutoramento en Arquitectura e Urbanismo
- Programa Oficial de Doutoramento en Computación
- Programa Oficial de Doutoramento en Enerxía e Propulsión Mariña
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Civil
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Naval e Industrial
- Programa Oficial de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información
- Programa Oficial de Doutoramento en Láser, Fotónica e Visión
- Programa Oficial de Doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions
- Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e Comunicación en Redes Móviles

Código Seguro De Verificación	Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	11/01/2021 11:43:28
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ed1kHLDZ72yKdA35v214TA==		

